MEMORIA XUSTIFICATIVA DAS ADDENDAS AOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E AS FEDERACIÓNS GALEGAS PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DA SÚA MODALIDADE DEPORTIVA PARA O ANO 2025 POLA QUE SE INCLÚEN OS PROXECTOS DE ESPECIAL RELEVANCIA (PER)

1. Antecedentes.
2. Finalidade.

1. Antecedentes.

Conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma galega asume a competencia exclusiva na materia da promoción do deporte (artigo 27.22), correspondéndolle á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, as competencias de elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes, conforme ao establecido no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia Xustiza e Deportes.

A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, regula no seu artigo 51.1 as federacións deportivas galegas, configurándose estas como entidades privadas sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cuxo ámbito de actuación se estende ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Coa finalidade de atender a promoción e fomento do deporte federado da cada modalidade na Comunidade autónoma galega e desenvolver as funcións públicas delegadas que teñen as federacións deportivas galegas, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes asinou, no exercicio 2025, un convenio de colaboración con 58 Federacións deportivas galegas por un importe total de 5.024.750 €, que se axustan a un modelo de convenio tipo, coa salvedade da Federación galega de Piragüismo, cuxo convenio presenta elementos diferenciais ao incluír o financiamento do Complexo Náutico e Campo de Regatas David Cal en Verducido, Pontillón do Castro – Pontevedra, titularidade da Xunta de Galicia, do que é concesionaria.

Ditos convenios foron tramitados como un expediente anticipado de gasto, en base ao

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES
Rúa Madrid, 2-4, 2º andar. 15781 Santiago de Compostela
881 996360
subdireccion-plans-programas.pr@xunta.gal

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: VAILmBzdEsT6 Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

crédito previsto no proxecto de orzamentos para o ano 2025.

Nos convenios coas 58 Federacións Deportivas de Galicia dotouse parcialmente o programa "Proxectos de especial relevancia" cun importe global de 133.193 €, de conformidade cos proxectos inicialmente presentados polas federacións de carácter máis relevante, quedando pedentes de incluír o programa "Outros proxectos de especial relevancia", orientados ao fomento do deporte base, ao fomento da participación da muller, á inclusión de persoas con discapacidade e a promoción da tecnificación e alto rendemento dos deportistas galegos, condicionado á dispoñibilidade orzamentaria, e pendente da súa concreción no 2025.
Neste senso, con posteriordade á presentación do proxecto de orzamentos para o 2025, a aplicación financiadora das transferencias correntes a entidades e federacións deportivas galegas foi incrementada en 500.000 € na aplicación 05.02.441A.481.0 "Transferencias correntes a entidades e federacións deportivas galegas".

De conformidade coa dispoñibilidade orzamentaria derivada do citado incremento, e unha vez concretados e definidos os calendarios de eventos deportivos das diferentes federacións e despois de informar a todas as federacións da posibilidade de subvencionar os proxectos de especial relevancia enfocados ao deporte feminino, fomento do deporte base, promoción do deporte inclusivo e axudas a deportistas con proxección, solicitaron a inclusión destes programas un total de 46 federacións deportivas.

Tras a análise dos proxectos de especial relevancia presentados polas federacións deportivas galegas, cómpre complementar nos Convenios con estas a dotación do programa "Outros proxectos de especial relevancia" para a realización do programa de promoción e desenvolvemento da súa modalidade deportiva para o ano 2025, cun importe total de 497.870 €.

2. Finalidade.

A finalidade da Addenda é a de modificar o convenio do exercicio 2025 coas Federacións Deportivas de Galicia que presenten Outros Proxectos de Especial Relevancia enfocados ao deporte feminino, fomento do deporte base, promoción do deporte inclusivo e axudas a deportistas con proxección, no marco das funcións públicas delegadas e que exercen en réxime de exclusividade, con relación ao cadro de financiamento que figura no convenio

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES
Rúa Madrid, 2-4, 2º andar. 15781 Santiago de Compostela
881 996360
subdireccion-plans-programas.pr@xunta.gal

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: VAILmBzdEsT6 Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

como Ficha I, incorporando no programa 7 “Outros proxectos de especial relevancia” os ditos proxectos, de interese deportivo e estratéxico da Secretaría Xeral para o Deporte.

Neste marco das funcións federativas, é pretensión da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, subscribir unha addenda aos convenios de colaboración coas Federacións Deportivas de Galicia para a realización do programa de promoción e desenvolvemento da súa modalidade deportiva para o ano 2025, para o desenvolvemento dos programas de especial relevancia, atribución que ostenta esta, en réxime de exclusividade.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, subvencionará as ditas actuacións con cargo á aplicación orzamentaria 05.02.441A.481.0 do seu orzamento de gastos para o exercicio 2025, por un total de 497.870,00 €.

A continuación figuran as federacións beneficiarias das addendas aos convenios cos seus importes:

FEDERACIÓN	Convenio 2025	Addenda 2025	Total Convenio + Addenda 2025
A. Subacuáticas	21.567€	2.200,00	23.767
Atletismo	288.028 €	40.000,00	328.028
Automobilismo	51.865 €	12.500,00	64.365
Bádminton	108.353 €	25.000,00	133.353
Baile Deportivo	28.320 €	10.000,00	38.320
Baloncesto	297.341 €	30.000,00	327.341
Balonmán	224.768 €	26.000,00	250.768
Béisbol e Sófbol	14.194 €	4.000,00	18.194
Billar	23.066 €	2.000,00	25.066
Bolos	24.992 €	2.550,00	27.542
Boxeo	34.877 €	5.000,00	39.877
Caza	34.458 €	3.400,00	37.858
Ciclismo	136.531 €	15.000,00	151.531
Colombofilia	8.149 €	1.000,00	9.149
Dep. Adaptado	88.984 €	7.000,00	95.984
Espeleoloxía	18.366 €	1.300,00	19.666
Fútbol	291.629 €	22.000,00	313.629
Halterofilia	68.057 €	6.200,00	74.257
Hóckey	66.677 €	8.000,00	74.677
Judo e D.A.	158.330 €	16.500,00	174.830
Karate e D.A.	79.410 €	10.000,00	89.410
Kickboxing	22.807 €	2.100,00	24.907
Kung-Fu	36.092 €	3.600,00	39.692
Loita e D.A.	116.838 €	12.000,00	128.838
Montañismo	33.835 €	3.300,00	37.135
Motonáutica	35.945 €	7.000,00	42.945
Natación	184.336 €	22.500,00	206.836
Orientación	27.833 €	3.000,00	30.833
Patinaxe	63.313 €	5.300,00	68.613

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES
Rúa Madrid, 2-4, 2º andar. 15781 Santiago de Compostela
881 996360
subdireccion-plans-programas.pr@xunta.gal

As copias en papel deste documento terán condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: VAILmBzdEsT6 Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

FEDERACIÓN	Convenio 2025	Addenda 2025	Total Convenio + Addenda 2025
Petanca	13.916 €	1.300,00	15.216
Piragüismo	565.321 €	50.000,00	615.321
Remo	124.821 €	15.000,00	139.821
Rugby	53.351 €	5.500,00	58.851
Salvamento e S.	24.194 €	4.000,00	28.194
Squash	72.384 €	7.000,00	79.384
Surf	71.332 €	6.000,00	77.332
Taekwondo	131.359 €	16.500,00	147.859
Tenis	121.638 €	12.000,00	133.638
Tenis de mesa	44.945 €	4.500,00	49.445
Tiro con Arco	54.468 €	5.000,00	59.468
Tiro Olímpico	46.898 €	900	47.798
Triatlón e P.M.	184.979 €	3.500,00	188.479
Vela	305.438 €	34.000,00	339.438
Voleibol	91.436 €	8.220,00	99.656
Xadrez	61.649 €	6.000,00	67.649
Ximnasia	94.238 €	10.000,00	104.238
Total	**5.024.750**	**497.870**	**5.522.620**

Santiago de Compostela,

O secretario xeral para o Deporte

José Ramón Lete Lasa

Asinado por: LETE LASA, JOSE RAMON
Cargo: Secretario Xeral para o deporte
Data e hora: 10/06/2025 13:26:38

As copias en papel deste documento terán condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: VAILmBzdEsT6 **Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES
Rúa Madrid, 2-4, 2º andar. 15781 Santiago de Compostela
881 996360
subdireccion-plans-programas.pr@xunta.gal